


MEMORIA 2010




A AIXOLA

CENTRO DE FORMACIÓN

MARÍN

MEMORIA 2010



A AIXOLA
CENTRO DE FORMACIÓN
MARÍN

Sumario

1. A Aixola e as profesións cualificadas no sector marítimo-pesqueiro	4
1.1. Adaptación de programas formativos	7
1.2. Incorporación de novas tecnoloxías	9
1.3. Atención ás demandas sociais	13
1.4. Incorporación de políticas de igualdade de oportunidades	21
1.5. O apoio á inserción laboral	24
2. Formación impartida	29
2.1. Área dos composites	30
2.2. Área da madeira	31
2.3. Área de electricidade e mecánica	33
2.4. Área dos plásticos técnicos: polietileno e polipropileno	34
2.5. Área das pneumáticas	35
2.6. Área de redes e aparellos	36
2.7. Área de promoción empresarial	37
3. Actividades formativas no ano 2010	38
3.1. Cursos subvencionados pola Consellería do Mar	39
3.1.1. Curso de modelador/a laminador/a de poliéster CP 01-10	40
3.1.2. Curso novas técnicas de traballo en madeira CP 02-10	42
3.1.3. Curso instalación eléctrica dun barco CP 03-10	44
3.1.4. Curso manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura CP 04-10	46
3.1.5. Curso reparación de embarcacións pneumáticas CP 05-10	48
3.1.6. Curso de construción e reparación de redes e aparellos de pesca CP-06-10 CP 13-10	50
3.1.7. Curso informática básica ligada ao sector marítimo-pesqueiro CP-07-10	52
3.1.8. Curso de moldeo por transferencia de resina (RTM) CP 09-10	53
3.1.9. Curso infusión en moldes e carpintería CP 10-10	55
3.1.10. Curso carpintería náutica e poliéster CP 11-10	59
3.1.11. Curso de velería CP 12-10	63
3.1.12. Cursos módulo ocupacional de creación de empresas (MOCE) CP 08-10 CP 14-10	65
3.2. Cursos de prevención de riscos laborais (P.R.L.)	66
3.3. Cursos organizados pola Confraría de Pescadores de Marín Santa María do Porto	69
3.3.1. Mariñeiro/a pescador/a	70
3.3.2. Formación básica	72
3.3.3. Patrón/patroa costeiro polivalente	75
3.3.4. Patrón/patroa local de pesca (sección máquinas)	80
4. Cursos solicitados por outras entidades	81
4.1. Curso sobre manexo do calibrador delta	82
5. Resumo da actividade formativa no ano 2010	83
6. Visitas e eventos	87
7. Reflexións	93
8. A Aixola nos medios de comunicación	99
9. Anexo: Informe de inserción laboral do persoal formado en A Aixola 2009	121

1

A Aixola e as profesións cualificadas no sector marítimo-pesqueiro





Cando en 1997 comezou a súa andaina, o Centro de Formación A Aixola tiña coma principal cometido a mellora da cualificación profesional das persoas procedentes do sector marítimo-pesqueiro. Neste empeño leva catorce anos realizando unha proposta continuada de mellora da calidade da formación, perseveranza que lle conferiu unha solvencia e reputación dentro do sector, que é a súa mellor carta de presentación.

Despois de ser xestionado por varias entidades públicas, foi no ano 2004 cando pasa a depender do "Centro Tecnológico do Mar – Fundación CETMAR", que asinou convenios de colaboración coa Consellería do Mar para a programación de cursos dirixidos fundamentalmente aos traballadores e traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

Xa que logo, o obxectivo prioritario de A Aixola é o de "facilitar formación e información aos profesionais do Sector presentes e futuros".

Dentro deste colectivo están englobados os:

- Profesionais que están en activo e queren mellorar as súas cualificacións.
- Profesionais que buscan unha reciclaxe dentro do propio Sector coa adquisición de novas cualificacións.
- Persoas de nova incorporación ao Sector.
- Empresas que demandan traballadores e traballadoras cunha formación actualizada.

Para acadar este obxectivo A Aixola ten formuladas as seguintes liñas de traballo:

- Apoiar a conservación, a recuperación e a difusión do patrimonio marítimo galego.
- Establecer canles de colaboración con outras institucións públicas.
- Aplicar e potenciar a igualdade de oportunidades dentro do sector marítimo-pesqueiro.
- Incorporar liñas de I+D+i ao servizo do sector marítimo galego en tódolos cursos de formación.
- Promover a divulgación científica.
- Constituírse como nexo de unión entre a formación e as necesidades reais das empresas que operan no sector marítimo-pesqueiro.



Durante o ano 2010 o Centro consolidou a súa oferta formativa con 35 cursos, que supuxeron máis de 5.600 horas de carga lectiva e máis de 600 persoas que pasaron polas súas aulas. Estas cifras reflicten a importancia que ten a formación no momento actual, no que moitas persoas están buscando unha actualización dos seus coñecementos, así como unha recualificación profesional.

A oferta formativa de A Aixola é áxil e flexible, sendo a súa principal cualidade a de adaptarse e anticiparse ás necesidades do mercado. Isto lévanos a ofertar cursos que non se imparten en ningún outro centro, o que ven a ser unha das nosas principais características. Para conseguilo, o Centro ten marcadas as seguintes directrices de programación:

- Adaptación de programas formativos.
- Incorporación de novas tecnoloxías.
- Atención ás demandas sociais.
- Incorporación de Políticas de igualdade de oportunidades.
- Promoción da Inserción Laboral.

1

1. 1. Adaptación de programas formativos

A crise na que están sumidas as economías mundiais trae como consecuencia inmediata a reestruturación de sectores produtivos, coa conseguinte destrución de postos de traballo.

A situación dos mercados varía con moita rapidez debido, tanto aos cambios da situación económica, como á evolución da tecnoloxía. Isto aboca ás entidades encargadas da formación en xeral, e máis en concreto ás da formación ocupacional, a manter unha actitude proactiva, co establecemento de canles de contacto continuo cos axentes que operan no mercado, recadando e analizando a información dun xeito continuo.

Consciente desa necesidade e grazas ao traballo realizado, tanto polo equipo administrativo coma docente, o Centro de Formación A Aixola pode gabarse de ofertar unha formación flexible e adaptada ás necesidades reais do Sector.

É importante subliñar que este compromiso de traballo ven marcado por unha dobre proposta, dun lado a actualización dos cursos aos cambios nos mercados e doutro o mantemento de accións formativas con menor demanda por motivos coxunturais, pero con posibilidades de recuperación e crecemento no mercado de traballo.

A nosa proposta de aprendizaxe ao longo da vida ten, hoxe máis que nunca, o obxectivo de mellorar a empregabilidade da poboación traballadora; atendendo á crecente necesidade de formación e á aparición de novos perfís profesionais.

Froito da conxunción destas dúas realidades xurdiu a seguinte listaxe de cursos:

- Modelista laminador/a de poliéster.
- Empastador/a para a construción naval.
- Moldeo por transferencia de resina: Resing Transferring Molding (RTM).
- Infusión en moldes e carpintería.
- Carpintería náutica e poliéster.
- Elaboración e colocación de cubertas de madeira.
- Carpintería de ribeira.
- Novas técnicas de traballo en madeira.
- Instalacións eléctricas nun barco.
- Reparacións polivalentes.
- Mecánico/a instalador/a de motores en embarcacións de poliéster.
- Manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura.
- Reparación de embarcacións pneumáticas.
- Construción e reparación de redes e aparellos de pesca.
- Informática ligada ao sector pesqueiro.
- Velería.
- Módulo ocupacional de creación de empresas (MOCE).


O dinamismo de A Aixola faise patente na combinación das técnicas máis novedosas como "Moldeo por transferencia de resina. RTM", que nos sitúan na vangarda da formación nos métodos menos contaminantes e agresivos do mundo dos composites, coas máis tradicionais como "Carpintería de ribeira"; sen esquecer os novos movementos dos mercados que apostan por unha conxugación de ambas tendencias que nós plasmamos en cursos como "Infusión en moldes e carpintería", "Novas técnicas de construción en madeira", "Carpintería náutica e poliéster" ou "Elaboración e colocación de cubertas de madeira",

Outra importante liña de traballo é a constituída polos chamados plásticos técnicos; o polietileno e o polipropileno. Estanse aplicando dun xeito crecente na acuicultura –como materiais únicos ou combinándoos con redes– así como nas instalacións dos barcos. Aixola é o único Centro que está a impartir esta formación no estado español a través do curso de "Manipulador/a de polietileno e polipropileno en barcos de pesca e acuicultura".

Hai outro aspecto no que estamos comezando a dar pasos dentro da formación , é o da investigación e busca de materiais co "selo ecolóxico". Realizamos unha continua labor de actualización en novos materiais (colas epoxi, disolventes, pinturas, fibras, madeira maciza, madeira en contrachapado,...) coa finalidade de seleccionar os máis respectuosos co medio ambiente, sostibles, non contaminantes e biodegradables. Deste xeito pretendemos concienciar ao alumnado na importancia da sostenibilidade no seu traballo. En A Aixola consideramos que os centros de formación deben estar implicados especialmente neste movemento que, por outra banda, está a adquirir cada vez maior importancia no marketing das empresas.

A listaxe dos cursos ofertados non está pechada, sempre atentos aos cambios no mercado de traballo, imos modificando a nosa oferta formativa para axustarnos a eles.

NÚMERO DE SOLICITUDES, PERSOAS PRESENTADAS E SELECCIONADAS
PARA OS CURSOS DE A AIXOLA. AÑO 2010



Fonte: elaboración propia

Esta flexibilidade e adaptabilidade é apreciada polo alumnado que se achega ata o noso Centro. De feito, no último ano o número de persoas que solicitaron participar nos cursos de A Aixola medrou en máis dun 85% con respecto ao ano anterior, acadando a cifra de 571 solicitudes. Se temos en conta que para o 2010 o número de prazas ofertadas foi de 201, sáenos unha proporción de 2,84 solicitudes por praza.


1.2. Incorporación de novas tecnoloxías

O descubrimento, a investigación e a aplicación de novos materiais e procesos caracteriza á sociedade actual, conferíndolle aos mercados un dinamismo que vai deixando obsoletos aos colectivos que non se actualicen dun xeito continuado.

O Centro de Formación A Aixola non é alleo a toda esta realidade e, polo tanto, ven incorporando dende hai anos compoñentes de I+D+i en todos os cursos cunha tripla finalidade:

- Manter o Centro ao día das innovacións en materiais e procesos establecendo o I+D+i como unha característica continua dos cursos.
- Motivar aos alumnos coa adquisición de novos coñecementos e destrezas que incrementen as súas competencias.
- Presentar ante as empresas do sector un valor engadido, podendo ofertar solucións formativas novidosas ante os retos dos mercados.

Os traballos realizados no ámbito I+D+i polo Centro de Formación de A Aixola durante o ano 2010 foron:



Deseño, desenvolvemento e construción de pequenas embarcacións tipo gamela coruxeira adaptadas para uso de nenos/as en labores de divulgación do patrimonio marítimo.



Deseño, desenvolvemento e construción dunha piscina transportable dedicada a labores divulgativas con nenos/as capaz de acoller pequenas embarcacións.



Conxunto de piscina máis embarcacións, deseñado e realizado no Centro, funcionando no encontro de embarcacións tradicionais "Sail and Oar" celebrado na illa de Cumbrae (Escocia) o 14-15 de agosto.



Investigación, planificación, mellora de deseño e construción en poliéster de bandexas en circuito aberto de cultivo post larvario.



Investigación, planificación, diseño e construcción de mesas e bandexas en polietileno para indución ao desove.



Investigación, planificación, diseño e construcción de bandexas de polietileno para acondicionamento de reprodutores.



Investigación, planificación, diseño e construcción de tanques e tambores en polietileno para cultivo larvario.



Investigación, planificación, diseño e construcción de mesa para peneirado manual.



Investigación, planificación, diseño e construción en poliéster dun prototipo de sistema estanco para as botas de traballo das mariscadoras dentro do Proxecto Saúde.



Planificación, diseño e construción en polipropileno dunha caixa para as baterías dos barcos.

1. 3. Atención ás demandas sociais

Desde os seus inicios, o Centro de Formación A Aixola mostrou a súa disposición de interaccionar cos colectivos que se moven dende as demandas sociais. Non podería ser doutro xeito cando se pretenden captar necesidades para elaborar accións formativas enraizadas no tecido social. A problemática que atinxe ao contorno e ás diversas entidades e organismos que operan no sector marítimo-pesqueiro repercuten en maior ou menor medida nas actividades do Centro.

Xa que logo, o Centro ven incorporando, tanto no seu quefacer diario como nos seus plans formativos, diversas actividades que tentan atender as demandas sociais a través de:

- Recuperación do patrimonio marítimo.
- Construción e reparación de pezas para outras institucións públicas.
- Colaboracións con entidades públicas de apoio social.
- Recompilación e difusión de bibliografía relacionada co sector marítimo-pesqueiro.



Embarcación racú recuperada nos cursos de A Aixola

Deste xeito, mediante cursos como "Carpintería de ribeira" consérvanse técnicas, planos, plantillas e un largo etcétera de elementos patrimoniais conseguindo, ao mesmo tempo, que o alumnado se sinta participe e estea orgulloso de colaborar na recuperación do noso pasado mariñeiro. Como consecuencia, e parello ao desenvolvemento do curso, faise necesario un labor de investigación e recuperación de planos e formas que, nalgúns casos, precisa de recorrer mesmo a testemuñas orais dos vellos carpinteiros e mariñeiros.

Ademais, o Centro conta cunha exposición permanente de embarcacións, velas e artes de pesca, dende o que se realiza un importante labor de difusión da cultura mariñeira cos centros educativos de toda Galicia.



Construción e reparación de pezas para outras institucións públicas.

Con ánimo de optimizar os recursos do Centro e o desenvolvemento das actividades formativas, durante os cursos establécense colaboracións con diversas entidades públicas que nos ceden material deteriorado para a súa análise e arranxo.

Con esta acción conseguimos un dobre obxectivo en canto á formación se refire, pois o alumnado pode realizar prácticas con materiais que son de uso no mundo empresarial e ademais pode sentir que o seu traballo é de utilidade de cara á sociedade.

Durante o ano 2010 realizáronse colaboracións con:

- Autoridade portuaria de Marín-Ría de Pontevedra.



Reparación de elementos do Porto

- Minicriadeiro de Camariñas: Construción de materiais para acuicultura.



▲
Bandexas acondicionamento reprodutores



▲
Bandexas engorde semente en circuito aberto



▲
Mesa e bandexa desove



▲
Tambores de fixación



▲
Tanques larvários

- Escola Naval Militar de Marín: Valoración do estado de embarcacións patrimoniais e diversas reparacións.



Reparación de Snipe



Reparación de varios xogos de velas

- Federación Galega de Vela.



Reparación xogos de vela embarcación Topaz

- Asociación Cultural Deportiva "Pontemateria".



Reparación de Snipe e xogo de velas

- Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo: Elaboración de materiais de acuicultura.



Elaboración de depósitos para cultivos mariños

- Proxecto Singular estratéxico REDES (subproxecto SP2): Cesión de espazos de traballo.



Porta de arrastre a escala acabada en gelcoat



Porta de arrastre a escala acabada en pintura de poliuretano

- Proxecto Singular estratéxico PROMARES (subproxecto VACCA): Cesión de espazo de traballo.



Carcasa de vehículo autónomo submarino

Colaboracións con entidades de apoio social

Ao longo da nosa xeografía son numerosas as entidades do mundo asociativo que realizan actividades de distinta indole nos eidos da formación e a inserción laboral. Conscientes da importancia deste labor, o Centro de Formación A Aixola, ten establecida unha rede de colaboración para a consecución de obxectivos comúns.

No seguinte cadro ofrecemos unha relación das entidades coas que o Centro ten establecido algún tipo de colaboración ao longo do ano 2010.

CONCELLO	CENTRO	OBXECTIVOS DO CENTRO	COLABORACIÓN
PONTEVEDRA	Cidade Infantil "Príncipe Felipe"	Institución de carácter educativo e benéfico-social concibida para albergar e formar aos nenos/as e mozos/as que, por unha ou outra circunstancia, cumpría acoller e protexer.	Formación de beneficiarios/as en cursos do C.F. A Aixola
	Centro Avelino Montero de Pontevedra	Formación e inserción de menores en risco de exclusión.	Formación de beneficiarios/as en cursos do C.F. A Aixola
	Asociación de Axuda ao toxicómano "Rexurdir"	Apoio a persoas con problemas de drogodependencias.	Formación de beneficiarios/as en cursos do C.F. A Aixola
	Proxecto ILES	Promover a inserción laboral de persoas desempregadas capacitándoas no sector de servizos de atención a maiores dependentes, infancia, persoas con discapacidade e en situación ou risco de exclusión social.	Contacto e difusión das respectivas ofertas
	COGAMI	Entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública e recoñecida legalmente como entidade colaboradora en materia social en favor das persoas con discapacidade física.	Contacto e difusión da oferta formativa do Centro
	Federación de cooperativas SINERXIA	SINERXIA asocia a Unións de Cooperativas, con capacidade legal, que desenvolvan a súa actividade cooperativizada e teñan o seu domicilio social no ámbito galego.	Realización de actividades de difusión do cooperativismo
MARÍN	Confraría de pescadores	Garantir o acceso da poboación aos servizos sociais públicos e mellorar a calidade de vida das persoas que presentan diversas problemáticas.	Formación de beneficiarios/as en cursos do C.F. A Aixola
	Consortio galego de Servizos de Igualdade e Benestar	Garantir o acceso da poboación aos servizos sociais públicos e mellorar a calidade de vida das persoas que presentan diversas problemáticas.	Formación de beneficiarios/as en cursos do C.F. A Aixola
	GAC Ría de Pontevedra	Posta en marcha do plan estratéxico zonal da Ría de Pontevedra.	Contacto e asistencia ás reunións
BOIRO	AGALCARI	Representación, defensa e promoción dos intereses dos socios/as, empresarios/as do sector da carpintería de ribeira.	Contacto e intercambio de información
POIO	IES Poio	"Os Oficios", programa que ten como obxectivo principal dar a coñecer ao alumnado de 2º da ESO diferentes oficios artesanais.	Colaboración na montaxe de exposicións
A CORUÑA	Fundación RONSEL	Ten como obxectivo facilitar a ocupabilidade dos máis necesitados e mellorar a empregabilidade das persoas en situación de desemprego.	Realización de actividades de difusión da promoción empresarial

A recompilación e difusión de bibliografía relacionada co sector marítimo-pesqueiro

Ao longo de todos os anos que o Centro de Formación A Aixola leva en funcionamento, foise recompilando unha grande cantidade de material documental e bibliográfico relacionado co sector, que se vai incrementando dun xeito continuado.

Os fondos desta biblioteca son un recurso formativo e informativo moi importante dentro da actividade docente do Centro e teñen coma obxectivo principal o de favorecer a aprendizaxe e impulsar o aumento de coñecementos.

Xa que logo, os colectivos que máis se ven beneficiados deste recurso son:

- O alumnado do Centro, que poderá utilizar a biblioteca tanto para realizar consultas sobre a temática concreta dos cursos como para calquera outra consulta incluídos os aspectos relacionados coa orientación de cara ao emprego.
- O profesorado do Centro e formadores/as do sector marítimo-pesqueiro da zona, que poden acceder ao conxunto de información contida na biblioteca.
- Todas aquelas persoas que poidan estar interesadas na consulta dos nosos fondos bibliográficos.



Biblioteca do Centro

Estes fondos foron estruturados nunha biblioteca que abrangue os seguintes contidos temáticos:

- Oficios do mar: historia e construción naval, desde a carpintería de ribeira tradicional ata os novos materiais coma o poliéster e outros oficios mariñeiros coma a redería e a velería.
- Navegación e xeografía mariña: cartografía en mapas únicos e historia das viaxes e exploracións: literatura co mar de fondo.
- Socioeconomía mariña: etnografía e socioloxía das distintas vertentes das actividades do sector marítimo-pesqueiro facendo especial fincapé no patrimonio cultural galego, a política e a economía da pesca, a arquitectura e o urbanismo.
- Medio mariño: protección do medio ambiente mariño, ciencias do mar, bioloxía e acuicultura.
- Prevención de riscos laborais: seguridade e hixiene no traballo nos aspectos xerais e nos aplicados aos sectores pesqueiro, naval, salvamento marítimo, etc.
- Formación: teoría e planificación, con especial atención ao caso da formación pesqueira especializada, mercado de traballo e orientación de cara ao autoemprego.

- Igualdade de xénero: con experiencias prácticas levadas a cabo por outros organismos para a incorporación do enfoque de xénero.
- Hemeroteca especializada: con publicacións galegas, españolas e internacionais que abranguen diversos temas relacionados co sector marítimo-pesqueiro.

Hoxe en día a informática está presente en todas as actividades da vida, potenciar o seu manexo resulta básico no eido da formación. Ademais, a través de internet, pódese ter acceso a gran cantidade de información, que nos permite estar ao día das innovacións que se van producindo.

A Aixola conta cunha aula dotada de dez ordenadores con conexión a internet que se emprega como apoio á busca de información complementaria aos cursos. Tamén se usa para a impartición de cursos específicos, como foi o caso do curso de "Informática básica aplicada ao sector pesqueiro" ou o de "Busca de emprego por internet".



Aula de informática

1.4. Incorporación de políticas de igualdade de oportunidades

A igualdade de oportunidades para todos e todas é un principio inherente á política europea, de tal xeito que a mesma lexislación prohibe en toda a UE a discriminación por motivos de sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, orientación sexual, idade e relixión ou crenzas.

A importancia desta temática levou á Unión Europea a proclamar o ano 2007 "Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todos/as". O obxectivo era que a cidadanía da UE fóra máis consciente do seu dereito a un trato igualitario e a unha vida exenta de discriminacións. A resolución do Consello da Unión Europea, instaba á CE e aos Estados membros a garantir a integración da igualdade e a non discriminación durante a posta en marcha dos Fondos Estruturais.

O Centro de Formación A Aixola, e moi especialmente o profesorado, está especialmente sensibilizado ante esta cuestión, pois somos conscientes da importancia da formación para cambiar comportamentos, hábitos e ideas preconcebidas.

Xa que logo, en A Aixola hai anos que se ven integrando a cuestión da igualdade de oportunidades como unha liña transversal dentro das diversas facetas de actividade:

- O propio ideario do Centro.
- O comportamento e actitude do profesorado.
- A igualdade no proceso de adquisición de coñecementos e destrezas.
- A creación de grupos de traballo mixtos.
- A creación dun ambiente de traballo igualitario.
- A inmediata adopción de medidas ante comportamentos anómalos.

Tal e como se comentou anteriormente, o Centro de Formación A Aixola dirixe fundamentalmente a súa actividade formativa cara as persoas procedentes do sector marítimo-pesqueiro. Este sector de actividade, que dá traballo directo a máis de 22.000 persoas, presenta unha situación de desigualdade manifesta na escasa representación que teñen as mulleres no total do emprego (18,75%)¹.

Para poder incidir nesta problemática, débese dar o primeiro paso dende a formación, eliminando calquera factor discriminatorio e servindo de referente, para as empresas do contorno, no eido da promoción da incorporación da muller en profesións nas que está subrepresentada.

¹ Instituto Nacional de Estadísticas (INE): Enquisa de Poboación Activa 2010.



◀ Curso Manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura



◀ Curso de Velería




◀ Curso Informática básica ligado ao sector marítimo pesqueiro



◀ Curso modelador/a laminador/a de poliéster

Ademais, o traballo a prol da igualdade de oportunidades tamén engloba outras problemáticas como a das persoas con risco de exclusión social ou a discriminación por razón da raza ou nacionalidade. A Aixola colabora con diversos organismos e institucións que operan no eido dos servizos sociais, para incorporar nos cursos unha porcentaxe de persoas que sofren estas problemáticas.

NACIONALIDADE DAS PERSOAS PRESENTADAS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE ALUMNADO DOS CURSOS DE A AIXOLA. ANO 2010



Fonte: elaboración propia

España	238
Marrocos	21
Romanía	3
Brasil	4
Ghana	3
Arxentina	1
Colombia	4
Uruguai	2
Cuba	2
Senegal	2
Armenia	1
Chile	1
NC	1

En canto á incorporación nas accións formativas do Centro de persoas doutras nacionalidades, hai que dicir que no ano 2010 pasaron polas aulas de A Aixola 45 persoas procedentes doutros países. Entre este alumnado había persoas procedentes de Marrocos, Romanía, Brasil, Ghana, Arxentina, Colombia, Uruguai, Cuba, Senegal, Armenia e Chile, sendo o grupo máis numeroso o das persoas de nacionalidade marroquí, que supuxeron o 7,42% do alumnado.



▲
Curso de instalacións eléctricas nun barco



▲
Curso Novas técnicas de construción naval




▲
Curso Carpintería náutica e poliéster

1.5. O apoio á inserción laboral

Dende o punto de vista do emprego, o ano 2010 supuxo, a nivel de Galicia, un incremento nas cifras do paro. Tal e como se pode ver na gráfica, o número de persoas desempregadas estivo por riba dos valores do ano 2009.

COMPARACIÓN DA EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS DESEMPREGADAS EN GALICIA ENTRE OS ANOS 2009 E 2010



Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

O establecemento de accións de apoio e acompañamento do alumnado de cara á inserción laboral é o complemento necesario das actividades formativas do Centro.

En decembro do ano 2008, o CETMAR puxo en marcha o Servizo de Inserción Laboral (SIL) de Aixola, coa finalidade primordial de mellorar a empregabilidade das persoas que acceden ás accións formativas que desenvolve o Centro.

Para acadar este fin, o SIL de A Aixola ten moi en conta cales son as facetas nas que ten que incidir, de xeito que se acaden os seguintes obxectivos:

- Promover a oferta formativa do Centro de Formación A Aixola.
- Mellorar as cifras de inserción laboral acadadas polo Centro de Formación A Aixola.
- Identificar novos xacementos de emprego no sector náutico-pesqueiro.
- Promover o desenvolvemento de proxectos empresariais levados a cabo polo alumnado do Centro.
- Promover a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación (NTIC) para as labores de orientación laboral.
- Elaborar estudos e informes que contribúan a promoción da formación.
- Difundir as políticas activas de emprego da Consellería de Traballo e Benestar.

O ano 2010 representou un período de asentamento do SIL dentro das actividades do Centro, comezándose a recoller os froitos das labores de difusión emprendidas no ano anterior, sobre todo no eido do emprendemento e da orientación laboral.

Promoción de proxectos empresariais

O SIL ten como labor principal a estimulación do emprendemento entre o alumnado de A Aixola, razón pola cal se veñen programando cada ano, en colaboración coa Fundación Ronsel, dous módulos ocupacionais para a creación de empresas (MOCE).

BALANCE DOS CURSOS MOCE DESENVOLVIDOS EN AIXOLA NO ANO 2010		
Número de cursos	Número de alumnos/as	Horas de formación
2	30	40

Fonte: elaboración propia

Ademais, o SIL de A Aixola tamén ten realizadas as seguintes tarefas dentro desta liña de traballo:

- Promoción da cultura emprendedora, mediante a realización de charlas informativas sobre os distintos recursos existentes para a promoción e a creación de empresas.
- Titorías de apoio á creación de empresas: orientación e axuda na elaboración do proxecto empresarial, información e axuda na tramitación de subvencións e axudas.
- Apoio e seguimento das empresas creadas por persoas formadas no Centro.

Como resultado destas accións podemos presentar as seguintes estatísticas:

ESTADÍSTICAS DE ASESORAMENTO Á CREACIÓN DE EMPRESAS. ANO 2010			
Proxectos asesorados	Asesoramentos	Proxectos postos en marcha	Emprego creado
7	14	3	11

Fonte: elaboración propia

Por último, dentro desta liña de apoio ao emprendemento, tamén hai que mencionar o labor de promoción do cooperativismo que se realizou este ano en colaboración con Concello de Marín e coa Federación de Cooperativas SINERXIA.

- O alumnado dos cursos de RTM, velería e infusión participou nunha charla divulgativa sobre cooperativismo ("As cooperativas: unha saída viable nunha economía en crise") que foi organizada polo Concello de Marín e tivo lugar o 26 de outubro.
- O día 14 de decembro, celebráronse dous talleres de cooperativismo no Centro de Formación A Aixola. Para impartir estas accións formativas desprazáronse ata as instalacións do Centro dous técnicos de SINERXIA e participaron un total de 22 persoas.

Accións a prol da inserción laboral

O achegamento de ferramentas que faciliten a inserción laboral, proporcionando información e apoio ao alumnado que así o demanda e outro dos cometidos do SIL.

As tarefas realizadas durante o ano 2010 neste eido foron as seguintes:

- Orientación laboral: valoración do perfil ocupacional da persoa, orientación para a mellora da formación, axuda na elaboración do currículo, deseño dun itinerario de inserción laboral, información sobre ofertas de emprego, así como dotar ao alumnado de estratexias para afrontar as entrevistas de traballo.

NÚMERO DE PETICIÓNS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO. ANO 2010			
Pte. inicio	Recibidas	Pte. final	Resoltas
0	370	31	339

Fonte: Elaboración propia

LEENDA:

PTE. INICIO: Peticións pendentes de resposta do período anterior.

RECIBIDAS: Peticións recibidas durante o período.

PTE. FINAL: Peticións pendentes de resposta ao remate do período.

RESOLTAS: O número de peticións resoltas durante o período.

- Módulo de formación "A busca de emprego por internet". Cunha duración de 4 horas (4 sesións de 1 hora á semana), ten como obxectivos: reflexionar sobre o proceso de busca de emprego e adquirir recursos neste campo dentro da rede.

ESTADÍSTICAS DO MÓDULO DE BUSCA DE EMPREGO POR INTERNET		
Número de cursos	Número de alumnos/as	Horas de formación
7	39	28

Fonte: elaboración propia




Os contidos da acción formativa son os seguintes:

- Organizar a busca de emprego: crear unha axenda e elaborar unha listaxe de empresas.
- O currículo vitae.
- O correo electrónico.
- Páxinas web onde poder consultar ofertas de emprego.
- Páxinas web que ofrecen información para a orientación cara o emprego.

Seguimento da inserción laboral


As accións anteriormente expostas débense completar cun labor de seguimento que nos permita coñecer os resultados de inserción que se están acadando nos cursos. Dende o SIL realízanse sondaxes telefónicas dirixidas ao alumnado, logo de pasar seis meses do remate dos cursos. Nelas investigase a situación laboral do alumnado neste tempo. Estes datos tamén serven para saber se os coñecementos adquiridos durante os cursos lles foron de utilidade para conseguir traballo.

De seguido ofrecemos os datos do último período analizado (primeiro semestre do 2010):



No 1º semestre do ano 2010 desenvolvéronse 8 cursos no centro de Formación Aixola, que supuxeron un total de 2.270 horas de formación. Durante este período achegáronse ata o Centro para solicitar a súa participación 428 persoas. Se temos en conta que se ofertaron 111 prazas, obtemos unha proporción de 3,85 solicitudes por praza ofertada.

Se temos en conta que durante este periodo houbo 19 baixas, cubertas parcialmente por 16 persoas, a participación durante este 1º semestre foi de 124 alumnos/as. Acadaron o certificado de realización do curso 77 persoas, o que supuxo o 62,10% do alumnado. Entre este alumnado obtiveron título 6 mulleres, polo que a porcentaxe de mulleres que realizaron con éxito o curso representou o 50% das participantes.




Ás persoas que acabaron con éxito os cursos, fíxoselle a sondaxe telefónica para coñecer a súa situación laboral, tanto no momento da enquisa como no semestre anterior. O nivel de resposta da sondaxe foi do 75,32%.

Con esta porcentaxe de representatividade da mostra podemos dicir que a inserción laboral acadada nos cursos realizados no primeiro semestre do ano 2010 foi do 62,07%, pois houbo 36 alumnos/as que tiveron algún traballo durante o semestre posterior ao remate do curso, e ademais 25 destas persoas estaban traballando no momento de realización da enquisa.

2

Formación impartida



2.1 Área dos composites

A pesar da situación mundial de crise, as cifras do sector naval en Galicia correspondentes ao ano 2010, revelan que a nosa comunidade lidera o sector da construción naval en España cunha carteira de pedidos total de 260.518 CGT.

A principal vantaxe que presenta a construción naval cos composites é o abaratamento de costes que supón a posibilidade de seriar embarcacións partindo dos moldes. Isto nos fai prever que, a pouco que se salga da crise, esta industria retomará intactas as súas posibilidades de futuro.

A día de hoxe, un importante número de persoas aproveitan a situación de desemprego para completar/iniciar a súa formación nesta área, constatándose no Centro un incremento das solicitudes de participación nos cursos.

Conscientes da evolución dos composites e as tendencias para minimizar impactos medioambientais, en A Aixola temos configurada unha tipoloxía de cursos que van dende os máis clásicos como o de "Modelador/a laminador/a de poliéster" ou "Empastador/a" ata os máis novidosos como "Moldeo por transferencia de resina-RTM" ou "Infusión en moldes e carpintería". Estas técnicas innovadoras permiten reducir as emisións de gases na fabricación de pezas, empregando un sistema de molde e contramolde ao baleiro. As pezas así obtidas saen acabadas polas dúas superficies.

Debemos sinalar que a formación en composites é necesaria para a fabricación dos máis diversos produtos dentro da estrutura industrial (automoción, eólicas...), polo que o alumnado adquire un amplo espectro de posibilidades laborais. Como exemplo, e sen abandonar o sector, podemos falar da acuicultura; campo no que A Aixola ven colaborando coa Consellería do Mar no deseño e construción de mobiliario específico para centros como os de Camariñas e Ribadeo.

2.2. Área da madeira

O movemento pola conservación do medio ambiente e o control do cambio climático está irrompendo cada vez con máis forza no mundo da empresa, dando unha idea de por onde pode ir a curto e medio prazo a evolución da industria. Numerosos son os exemplos de empresas que están presentando o "selo ecolóxico" como un valor engadido dos seus produtos nos sectores máis diversos.

No mundo da construción con madeira (casas, mobles, mobiliario urbano, embarcacións,...), numerosas empresas están a facer propostas a través dos certificados de sustentabilidade e trazabilidade que, acompañados de produtos ecolóxicos de acabado e mantemento, os sitúan en excelentes condicións fronte a outros materiais de alto custe enerxético e difícil reutilización, reciclaxe e xestión residual. A construción naval en madeira, herdeira dunha ancestral tradición e depositaria duns "saberes" contrastados pola práctica de séculos non escapa a esta tendencia.

Dende a metade do século XX e en aras dunha suposta "modernidade" implementáronse políticas de substitución da madeira na construción naval por outros materiais, levando aos estaleiros que traballaban con madeira a unha situación residual. A día de hoxe, comeza a repuntar un movemento baseado nas bondades ecolóxicas da madeira como materia prima, así coma as vantaxes do seu comportamento no mar, apoiado dende proxectos europeos como o NEA (Náutica Espacio Atlántico. www.nea2.eu), DORNA (Desarrollo Organizado y sostenible de Recursos en el Noroeste Atlántico. www.dorna.eu) ou o WOObTA (WOODen Boatbuilders Training Association), nos que estamos comprometidos países como España (moi especialmente Galicia), Francia, Reino Unido, Inglaterra, Irlanda, Portugal, Suecia, Noruega entre outros, co obxectivo de poñer en valor as bondades deste material. Estas iniciativas buscan asimismo fomentar a xestión sostible das explotacións forestais e o uso de especies locais, a través dunha adecuada certificación da orixe e da cadea de custodia.

Galicia, con vinte estaleiros que constitúen a Asociación galega de carpinterías de ribeira (AGALCARI) é un referente dentro do estado español; se a isto engadimos unha importante flota profesional de pesca e acuicultura construída en madeira con 3.967 unidades activas sobre un total de 6.016, (66 %), que requiren mantemento, unha crecente demanda de embarcacións tradicionais, a paulatina entrada no sector da náutica de lecer e a constante necesidade de carpinteiros navais para cubertas, sobreestruturas e modelos; estamos ante unha actividade cunha clara vocación de futuro.



O Centro de Formación A Aixola, en consecuencia, creou unha oferta formativa que avoga pola utilización da madeira como materia prima dentro do sector náutico-pesqueiro. Non obstante, a utilización deste material como base, non implica dar as costas á evolución da tecnoloxía, ben ao contrario, debe apoiarse nela para dar solución aos novos retos que presentan os mercados.

A Aixola oferta cursos que van dende a utilización de madeira maciza e técnicas tradicionais "Carpintería de ribeira" a outros que incorporan novos materiais e produtos que optimizan as condicións da madeira coma "Novas técnicas de construción naval", "Carpintería náutica e poliéster" ou " Infusión en moldes e carpintería".

Todos estes cursos conforman unha oferta que, aínda que ten un marcado sesgo dirixido ao sector marítimo-pesqueiro, faise perfectamente aplicable a calquera outra industria que utilice a madeira como materia prima. Neste senso, compre indicar que a transición da carpintería naval a outras aplicacións do oficio é máis sinxela que o percorrido inverso, xa que as técnicas precisas para a construción de embarcacións requiren maior destreza e precisión.

2.3. Área de electricidade e mecánica

Galicia é unha comunidade cunha evidente vocación mariñeira que se plasma nun conxunto de embarcacións que acadan a cifra de 4.799 para a pesca, 1.222 dedicados á acuicultura e un crecente número de embarcacións de recreo que se incrementou no ano 2010 con 6.029 novas matriculacións. Na última enquisa de poboación activa realizada polo Instituto Galego de Estatística a cifra das persoas que traballan directamente no sector da pesca e acuicultura ascendeu no ano 2010 a 22.400. Estes datos sitúan á nosa comunidade nun posto de cabeceira entre tódalas rexións europeas.

A rotundidade destas cifras explica por si mesma a necesidade de programar cursos de formación que, sen pretender invadir o campo das titulacións regradas, transmitan coñecementos básicos de manexo e mantemento de instalacións sinxelas.

Cursos como "Instalación eléctrica dun barco" ou "Mecánico/a instalador/a de motores en embarcacións de poliéster" pretenden que o alumnado adquira competencias básicas relacionadas cos sistemas de propulsión e o goberno dun barco, e a instalación eléctrica, hidráulica ou de frío, coñecementos moi valorados polas empresas do sector.

2.4. Área dos plásticos técnicos: polietileno e polipropileno

A crecente incorporación de novos materiais que presentan mellores comportamentos fronte ao deterioro polo uso e condicións de traballo adquire especial relevancia no mundo do mar. De todos é sabido que o traballo no medio mariño somete aos materiais a unhas condicións extremas, acurtando a súa vida operativa.

O descubrimento de materiais como o polietileno e o polipropileno están revolucionando o mundo das instalacións nos buques de pesca e acuicultura.

As principais calidades destes materiais son a lixeireza e a facilidade de manexo, a resistencia á corrosión, a abrasión e aos elementos químicos, o baixo mantemento e a boa capacidade de absorción de impactos. Se a estes factores lle engadimos que os custos de fabricación son máis baixos que os do aceiro inoxidable, podemos entender o éxito acadado.

As súas aplicacións no sector marítimo-pesqueiro son múltiples, entre elas sinaláramos:

Actividades de acuicultura:

- Gaiolas flotantes, emisarios submarinos, tanques (larvarios, xuvenís, pre-engorde e outros), depósitos isotermos, embarcacións, pontonas de alimentación (silos flotantes), mesas de clasificación e accesorios varios.

Actividades pesqueiras:

- Fontanería naval para a instalación e acondicionamento de parques de pesca, pantanos, salmoira, auga doce e salgada, desaugues, baldeos, sanitarios, etc.
- Montaxe en adegas de serretas, enxaretados, forrado de mamparos, condicionamento de gambuzas, acondicionamento de paños, etc.
- Fabricación de tanques e depósitos especiais, mesas de clasificación e accesorios para os parques de elaborado e pesca.

O curso de "Manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura" pretende poñer en contacto ao alumnado con estes novos materiais, capacitándoos para a manipulación de pranchas e tuberías cun enfoque de cara ás instalacións, tanto dos barcos como das empresas de acuicultura.

2.5. Área das pneumáticas

Segundo datos publicados pola Asociación nacional de empresas náuticas (ANEN), entre xaneiro e decembro do ano 2010, rexistráronse en España 6.029 novas matriculacións de embarcacións de lecer, das cales 1.426 corresponden a embarcacións pneumáticas –o que supón un 23,6% do total-. Sempre segundo datos da ANEN, o mercado deste tipo de embarcacións foi o que sufriu un menor descenso dentro dun panorama xeral rexido pola situación de crise.

As embarcacións pneumáticas, sexan semirríxidas ou pregables, precisan dun mantemento e reparacións constantes, que apenas esixe unha mínima infraestrutura e maquinaria. Esta situación favorece as accións emprendedoras de creación de pequenas empresas dirixidas á reparación das súas compoñentes.

O curso de "Reparación de embarcacións pneumáticas" pretende a adquisición por parte do alumnado dos coñecementos e destrezas que os capaciten para as reparacións que precisen este tipo de embarcacións, tanto na súa parte pregable como, no caso das semirríxidas, na parte de poliéster.

2.6. Área de redes e aparellos

O traballo de redeiro/a é un oficio tradicional que se desenvolveu paralelamente ao crecemento do esforzo pesqueiro, comezando ao abrigo das rías para pouco a pouco irse estendendo acompañando á flota pesqueira. Transmitido dun xeito tradicional de xeración en xeración, a especialización da pesca e a complicación dos aparellos utilizados na actualidade foron relegando ao vello oficio ata poñelo en perigo de desaparición.

Como tódolos oficios que requiren destreza manual, a aprendizaxe vai parella á práctica, proceso difícil de asumir polas empresas do sector quedando a salvagarda deste tipo de oficios nas mans de centros como A Aixola que manteñen o “saber facer” facéndoo evolucionar cara novas utilidades como por exemplo a acuicultura.

Ademais, é ben coñecida polos armadores/as dos buques de altura a importancia de levar mariñeiros/as a bordo con coñecementos de reparación e funcionamento de aparellos, capacitados/as para resolver problemas puntuais que xurdan lonxe de terra.

A Aixola, mediante a programación do curso de “Construción e mantemento de redes e aparellos de pesca” imparte coñecemento das diferentes artes e aparellos de pesca e capacita ao alumnado para a realización de labores de construción e reparación en terra ou a bordo, aumentando as súas competencias profesionais.

Como corolario destes cursos A Aixola vaise facendo cun conxunto de maquetas e planos de redes e aparellos que garante a súa salvagarda e conservación.

2.7. Área de promoción empresarial

Conscientes de que a formación e a información son vitais para crear un ambiente propicio para o xurdimento de iniciativas empresarias por parte do alumnado; dende o ano 2005 o Centro de Formación A Aixola ven impartindo, en colaboración coa Fundación Ronsel, módulos ocupacionais para a creación de empresas (MOCE).

Nestas accións formativas, de 20 horas de duración, o alumnado recibe información sobre as medidas de apoio que as entidades públicas ofrecen aos novos emprendedores/as despertando o espírito empresarial que posúen moitos das e dos que acoden á formación ocupacional.

Deste xeito, froito do último curso desenvolvido no mes de novembro, xurdíu un proxecto emprendedor ideado por tres alumnos do curso de Carpintería náutica e poliéster, consistente nunha empresa adicada á prestación de servizos varios dirixidos ao mundo da náutica de recreo, como a reparación de lanchas pneumáticas, a confección e reparación de velas e outros servizos de reparación e mantemento. Este proxecto foi elixido coma finalista na última edición dos premios MOCE que convoca a Fundación RONSEL en colaboración con outras entidades públicas.

3

Actividade formativa no ano 2010



3.1 Cursos subvencionados pola Consellería do Mar

CURSOS SUBVENCIONADOS POLA CONSELLERÍA DO MAR	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº ALUMNOS/ AS
Modelador/a laminador/a de poliéster	1	600	15
Novas técnicas de traballo en madeira	1	600	15
Instalación eléctrica dun barco	1	250	12
Manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura	1	200	12
Reparación de embarcacións pneumáticas	1	300	15
Construción e reparación de redes e aparellos de pesca	2	2x200=400	2x12=24
Informática básica ligada ao sector marítimo-pesqueiro	1	100	15
Moldeado por transferencia de resina (RTM)	1	400	15
Infusión en moldes e carpintería	1	300	15
Carpintería náutica e poliéster	1	600	15
Velería	1	300	15
Módulo ocupacional de creación de empresas (MOCE)	2	2x20=40	2x15=30
TOTAL	14	4.090	198

3.1.1. Curso de Modelador/a laminador/a de poliéster CP 01-10

ACCIÓN FORMATIVA	Modelador/a laminador/a de poliéster
DURACIÓN DA ACCIÓN	600 horas
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	11/01/2010 a 30/06/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Adquirir os coñecementos teórico-prácticos para desempeñar as tarefas propias da ocupación de modelista laminador/a de poliéster reforzado con fibra de vidro, conseguindo un correcto acabado do modelo a realizar e facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Materias primas empregadas. • Interpretación de planos e ensamblaxes. • Maquinaria e útiles de traballo, funcionamento, características e precaucións. • Construción de moldes en poliéster: 1. Coidado do modelo. 2. Preparación do modelo. 3. Preparación previa ao Gel-Coat. 4. Aplicación a man ou con pistola do Gel-Coat no modelo. 5. Fórmulas das resinas e do Gel-Coat. 6. Colocación de capas de fibra no molde. 7. Tipos diferentes de reforzos nun molde. 8. Curado do molde. 9. Desmoldeo. 10. Limpeza do molde.	



▲
Formas e simetrías en poliuretano



▲
Aplicación capas de fibra de vidro



▲
Caballitos de mar en materiais reciclados de poliéster

3.1.2. Curso novas técnicas de traballo en madeira CP 02-10

ACCIÓN FORMATIVA	Novas técnicas de traballo en madeira
DURACIÓN DA ACCIÓN	600 horas
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	11/01/2010 a 30/06/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Formación en novas técnicas aplicadas á elaboración de estruturas e compoñentes de madeira aplicables na construción naval, facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Planificación do traballo. • Elaboración de moldes e plantillas. • Maquinaria e útiles de traballo, funcionamento, características e precaucións. • Corte e disposición das pezas. • Materias primas. • Combinación madeira-outros materiais de construción naval. • Maquinaria xeral e específica. • Elaboración de forros. • Elaboración de estruturas.	



▲
Biselado de cantos



▲
Cepillado de varaderos



▲
Colocación brazola



▲
Colocación listóns piragua



▲
Encolado de plan de gamela



▲
Encolado de xunquillo



◀
Estrutura en cademas

3.1.3. Curso instalación eléctrica dun barco CP 03-10

ACCIÓN FORMATIVA	Instalación eléctrica dun barco
DURACIÓN DA ACCIÓN	250
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	12
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	18/01/2010 a 29/03/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Formación nas bases da electricidade e o funcionamento dos elementos dunha instalación non complexa, así como as normas relativas á seguridade laboral e ao tratamento dos residuos.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Baterías e alternadores. • Cadros de control de baterías e alternadores. • A iluminación interior e exterior: os seus elementos e o cadro de control. • As luces regulamentarias de navegación: cadro de control e alarma. • Elementos de seguridade e achique de emerxencia.	



▲
Montaxe circuito eléctrico sinxelo



▲
Revisión prato magnético de motor



▲
Montaxe luces navegación sobre maqueta de barco



3.1.4. Curso manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura CP 04-10

ACCIÓN FORMATIVA	Manipulador/a de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura
DURACIÓN DA ACCIÓN	200
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	12
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	26/01/2010 a 08/04/2010
OBJECTIVO DO CURSO	
Formación en técnicas de soldadura e manipulación de tuberías e pranchas de polietileno e polipropileno, aplicado a instalacións en buques de pesca e acuicultura (mariña e de terra), procurando un correcto acabado do traballo e facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Uso do polietileno (pe) e polipropileno (pp) na pesca e na acuicultura (mariña e terra). • Introducción ao polietileno e ao polipropileno. • Introducción ás ferramentas, máquinas manuais, automáticas e semiautomáticas. • Procedemento de soldadura por termofusión do pe e pp. • Procedemento de soldadura por extrusión do pe e pp. • Procedemento de soldadura e montaxe das tuberías de pe e pp. • Manipulación e montaxe de instalacións de pe e pp.	



◀ Acabado fondo tanque



◀ Axuste do pregado



◀ Soldadura fondo cónico



◀ Realizando medicións



◀ Soldadura en polietileno

3.1.5. Curso reparación de embarcacións pneumáticas CP 05-10

ACCIÓN FORMATIVA	Reparación de embarcacións pneumáticas
DURACIÓN DA ACCIÓN	300
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	13/09/2010 a 20/01/2011
OBXECTIVO DO CURSO	
Formación nos distintos tipos de reparación das lanchas pneumáticas, facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Calidade e seguridade no traballo. • Descrición de embarcacións pneumáticas. - tipos e materiais. - coñecementos de válvulas de inchado e seguridade. - lanchas de supervivencia no mar. - accesorios e complementos. • Traballos preliminares. - recoñecemento dos distintos tipos de ferramenta de traballo. - distinción de materiais. - familiarización cos materiais. • Técnicas de reparación. - lavado e revisado. - avaliación de danos. - recoñecemento dos distintos tipos de avarías. • Válvulas. - técnicas de desmontado das válvulas. - limpeza das válvulas. - colocación de membranas. - instalación de válvulas. • Tipos de piso e colocación. - montaxe e desmontaxe de pisos. - pegado de pisos. - distinción de materiais nos pisos. • O casco. - unión de casco a balón. - montaxe de cascos rixidos sobre balóns en pvc e neopreno. - desmontaxe de cascos rixidos sobre balóns en pvc e neopreno. - limpeza de cascos rixidos. • Reparacións con gel-coat. - reparación de bollas. - avaliación da avaría. - técnicas de parchado. • Colocación de grilletes, cinchas, etc.	



Realizando mediciones



Colocación de loneta sobre fondo



Secado con eliminación burbujas



Preparación de balóns

3.1.6. Curso de construción e reparación de redes e aparellos de pesca
CP 06-10 CP 13-10

ACCIÓN FORMATIVA	Construción e reparación de redes e aparellos de pesca
DURACIÓN DA ACCIÓN	200
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	12
NÚMERO DE CURSOS	2
DATA DE EXECUCIÓN	12/04/2010 a 21/06/2010 04/10/2010 a 20/12/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Formación en reparación e construción de redes e aparellos de pesca, facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Seguridade laboral. • Impacto ambiental e xestión de residuos. • Tipos de planos. • Os paños e as mallas. • O sistema de numeración de fíos. • A lonxitude e apertura das mallas. • A superficie dos panos. • As formas de cortar, montar e reparar os panos. • Prácticas dos cortes e das reparacións. • As artes, os aparellos e os utensilios de pesca. • As artes e aparellos de anzoí. • As artes empregadas no marisqueo. • As nasas e outras artes. • Clases de artes de enmalle. • Clases de artes de arrastre. • Clases de artes de cerco.	



▲
Liño de copo



▲
Xunta de copo



▲
Armado de tralla



▲
Angolado de burlón



▲
Unindo panos



▲
Trinca de tren

3.1.7. Curso informática básica ligada ao sector marítimo-pesqueiro CP 07-10

ACCIÓN FORMATIVA	Informática básica ligada ao sector marítimo pesqueiro
DURACIÓN DA ACCIÓN	100
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	13
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	10/05/2010 a 17/06/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Fomentar entre as persoas que traballan no sector marítimo-pesqueiro o uso de ferramentas informáticas.	
CONTIDOS	
• Toma de contacto coa informática a través do produto elaborado no proxecto SEREA. Exploración detallada dos conceptos que aquí aparecen. • Prácticas <u>Práctica 1:</u> buscar información sobre: - Barcos de pesca. - Artes de pesca utilizados ao longo dos anos. - Embarcacións tradicionais. - Tipos de velas. <u>Práctica 2:</u> elaborar documentos cos resultados das buscas anteriores. <u>Práctica 3:</u> información meteorolóxica, cómo buscala? <u>Práctica 4:</u> busca de información para realizar: - Táboa de especies segundo portos. - Relación de capturas por especie. - Gráficos de capturas segundo especie. <u>Práctica 5:</u> institucións relacionadas co sector pesqueiro, qué nos aportan?: - Ministerio de Medio ambiente, Medio Rural e Mariño. • Sistema de información xeográfica da área de Medio Rural e Mariño, SIGMAPA. • Sistema de identificación de instalacións de acuicultura. - Consellería do Mar. - Portos de Galicia, INTECMAR, Pescagalicia.com,... <u>Práctica 6:</u> empresas do sector: - Turismo mariñeiro. - Pesca. <u>Práctica 7:</u> comunicacións: - Correo electrónico. - Redes sociais.	



3.1.8. Curso de moldeado por transferencia de resina (RTM) CP 09-10

ACCIÓN FORMATIVA	Curso de RTM (Moldeo por transferencia de resina)
DURACIÓN DA ACCIÓN	400
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	13/09/2010 a 20/01/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Adquirir os coñecementos teórico-prácticos para desempeñar as tarefas propias da ocupación de Técnico/a na manipulación de máquinas de R.T.M., e fabricación de Moldes e Pezas con dito sistema, conseguindo un correcto acabado e facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Introducción no sistema. • Modelos e as súas peculiaridades. • Molde e as súas peculiaridades. • Contramolde con cera calibrada. • Insertor e canais no contramolde. • Instalación de selos. • Aplicación do axente desmoldeante. • Equipamentos de inxección de mistura e dosificación. • Sistema de baleiro.	



▲ Colocación de boquillas metálicas de inyección



▲ Aplicación de cera desmoldeante



▲ Colocación elementos desechables para fabricación contramolde



▲ Aplicación desmoldeante



◀ Cera calibrada para contramolde

3.1.9. Curso infusión en moldes e carpintería CP 10-10

ACCIÓN FORMATIVA	Infusión en moldes e carpintería (sección madeira)
DURACIÓN DA ACCIÓN	100
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	13/09/2010 a 15/10/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Que o alumnado adquira os coñecementos precisos na aplicación da técnica de baleiro e infusión sobre Madeira e os seus derivados coa seguridade e calidade requiridas.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Sistemas de aplicación de composites en embarcacións. • Materiais utilizados, en construción naval en madeira. • Molde e as súas peculiaridades. • Aplicación das técnicas de baleiro e infusión en embarcacións de madeira. • Maquinaria e ferramenta específica na aplicación de composites en embarcacións de madeira.	



▲
Empastado




▲
Colocación de plástico para infusión



▲
Laminación de cadema

3.1.9. Curso infusión en moldes e carpintería (sección poliéster)

ACCIÓN FORMATIVA	Infusión en moldes e carpintería (sección poliéster)
DURACIÓN DA ACCIÓN	200
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	18/10/2010 a 15/12/2010
OBJECTIVO DO CURSO	
Adquirir os coñecementos teórico-prácticos para desempeñar tarefas de laminación por infusión directa en moldes, incluíndo os coñecementos en novos materiais propios da especialidade, así como o manexo da máquina de baleiro na infusión, procurando un correcto acabado do traballo e facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Materias primas empregadas. • Maquinaria e útiles de traballo, funcionamento, características e precaucións. • Contramolde e o seu selado. • Infusión da resina. • Calidade nos acabados.	



Primeiro plano de peza infusionando



Peza rematada



Infusionando con trampa en primeiro plano



Preparación peza para infusión

3.1.10. Curso carpintería náutica e poliéster CP 11-10

ACCIÓN FORMATIVA	Carpintería náutica e poliéster (sección madeira)
DURACIÓN DA ACCIÓN	300 horas de madeira sobre un curso de 600 h.
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	18/10/2010 a 27/01/2011
OBJECTIVO DO CURSO	
Formar a profesionais cun perfil polivalente que constrúan e reparen as habilitacións dos barcos, mamparos, teitos, pisos, e elementos de mobiliario, adaptados ao deseño e estrutura da embarcación, coa precisión e rendementos requiridos, así como a realización de cascos de fibra, madeira ou materiais combinados, e facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Maquinaria xeral e específica. • Materias primas empregadas. • Interpretación de planos. • Elaboración de moldes e plantillas. • Planificación e control do traballo. • Corte e disposición das pezas. • Combinación madeira-outros materiais de construción naval. • Elaboración de forros. • Elaboración de estruturas.	



▲
Nivelado de picas



▲
Impregnación de cámaras estancas



▲
Elaboración de patrón de falquilla



ACCIÓN FORMATIVA	Carpintería náutica e poliéster (sección poliéster)
DURACIÓN DA ACCIÓN	300 horas de poliéster dun curso de 600 h.
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	27/01./2011 a 26/04/2011
OBXECTIVO DO CURSO	
Formar a profesionais cun perfil polivalente que constrúan e reparen as habitacións dos barcos, mamparos, teitos, pisos, e elementos de mobiliario, adaptados ao deseño e estrutura da embarcación, coa precisión e rendementos requiridos, así como a realización de cascos de fibra, madeira ou materiais combinados, e facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Maquinaria xeral e específica. • Materias primas empregadas. • Interpretación de planos. • Elaboración de moldes e plantillas. • Planificación e control do traballo. • Elaboración de estruturas. • Laminados plásticos. • Construción naval en materiais compostos. • Aplicación de distintos tipos de pastas.	



◀ Reparación peza proa snipe



◀ Pintando snipe



◀ Introducción nucleo para reparación botolón



◀ Laminación exterior con Kevlar-Carbono

3.1.11. Curso de velería CP 12-10

ACCIÓN FORMATIVA	Velería
DURACIÓN DA ACCIÓN	300 horas
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	1
DATA DE EXECUCIÓN	20/09/2010 a 22/12/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Formación en reparación e construción do velame típico das embarcacións, facendo especial fincapé nas normas de calidade, seguridade e saúde laboral.	
CONTIDOS	
• Prevención de riscos laborais, sistemas de xestión da calidade e sensibilización medio ambiental. • Teoría: - Funcionamento das velas. - Materiais empregados. - Partes principais dunha vela. - Funcionamento das máquinas de coser. - Teoría do buque. - Cálculo de superficies vélicas. • Prácticas: - Iniciación ao debuxo técnico. - Técnicas básicas en velas e aparellos. - Coñecemento dos distintos tipos de materiais. - Traballos preliminares coas máquinas de coser. - Ferraxes dunha vela. - Reparación e fabricación de velas. - Fabricación de fundas, bolsas e sacos.	



◀ Cortando panos para vela tradicional



◀ Montando o fio na máquina



◀ Cosendo a relinga



◀ Preparación relinga



◀ Marcado sobre a tela



◀ Preparando unión costura de funda

3.1.12. Cursos modulo ocupacional de creación de empresas
(MOCE) CP 08-10 CP 14-10

ACCIÓN FORMATIVA	Módulo ocupacional de creación de empresas (MOCE)
DURACIÓN DA ACCIÓN	20 horas
NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO	15
NÚMERO DE CURSOS	2
DATA DE EXECUCIÓN	24/05/2010 a 25/05/2010 29/11/2010 a 03/12/2010
OBXECTIVO DO CURSO	
Formación acerca das medidas de apoio que se ofrecen, principalmente desde as entidades públicas, aos novos emprendedores/as e así espertar ese espírito empresarial que posúen moitos/as dos/as que reciben formación ocupacional.	
CONTIDOS	
• Unidade didáctica I: O entorno da empresa. a. O entorno xeral da empresa. b. O entorno específico da empresa. • Unidade didáctica II: Formulación, maduración e avaliación de ideas empresariais. c. Formulación de ideas empresariais. d. Maduración de ideas empresariais. e. Avaliación de ideas empresariais. f. Proceso de creación dunha idea de empresa. • Unidade didáctica III: Planificación da empresa. g. Consideracións xerais. h. Qué é un plan de empresa? i. Obxectivos do plan de empresa. j. Descrición técnica do contido do plan de empresa. k. Exemplos prácticos de plan de empresa. • Unidade didáctica IV: Directorio e liñas de axuda. l. A creación de empresas e as axudas públicas. m. Sociedade Limitada Nova Empresa (SLNE). n. Fontes de información para a creación de empresas. • Unidade didáctica V: Titoría e consultaría. • Rede de técnicos/as de emprego.	



Entrega premios Moce 2010

3.2 Cursos de prevención de riscos laborais (P.R.L.)

Dende o ano 2006 a Consellería do Mar ven realizando, en colaboración coa Consellería de Traballo, un Plan de Prevención de Riscos específico para o sector pesqueiro. Este Plan, que consiste na realización de cursos básicos de PRL de 30 horas para as confrarías de pescadores, viuse incrementado dende o ano 2008 coa incorporación de cursos de PRL de 50 horas atendendo á demanda dos/as traballadores/as que realizan actividades incluídas no Anexo I do real Decreto 39/1997.

Enmarcados nunha Encomenda de Xestión encargada ao Centro Tecnolóxico del Mar – Fundación CETMAR, durante o ano 2010 realizáronse as seguintes accións formativas:

- 8 Cursos básicos de PRL de 30 horas: dirixidos aos traballadores/as de pesca de baixura e marisqueo que realizan a súa actividade desde embarcacións ou praias.
- 2 Cursos básicos de PRL de 50 horas: dirixido aos traballadores/as da pesca de baixura que realizan a súa actividade mergullados ou en zonas de alto risco (principalmente persoas dedicadas á recolección de recursos específicos e percebe).

CURSOS	Nº CURSOS	Nº HORAS	Nº ALUMNOS/AS
Cursos PRL Sector Pesqueiro 30H	8	240	104
Cursos PRL Sector Pesqueiro 50H	2	100	26
TOTAL	10	340	130

Obxectivos

Facilitar aos participantes a capacitación precisa para desenvolver as funcións atribuídas pola Lei de Prevención de Riscos Laborais así como proporcionar os coñecementos necesarios para interpretar a lexislación, fomentar a cultura da prevención na xestión empresarial e facilitar ferramentas básicas para avaliar, xestionar e controlar os riscos laborais.

Os contidos dos cursos incluírán os mínimos esixidos para o desempeño das funcións de avaliación de riscos e desenvolvemento da actividade preventiva a nivel básico (Real Decreto 39/1997, anexo IV).

ACCIÓN FORMATIVA	Prevención de riscos laborais – 30 h
CONTIDOS	
Módulo I: conceptos básicos de seguridade e saúde no traballo. – O traballo e a saúde. – Danos derivados do traballo. O accidente de traballo e a enfermidade profesional. – Marco normativo en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos nesta materia. Módulo II: riscos xerais e a súa prevención. – Riscos ligados ás condicións de seguridade. – Riscos ligados ao medio ambiente de traballo, a carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral. – Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual. – O control da saúde dos/as traballadores/as. – Plan de emerxencia e avaliación. Módulo III: riscos específicos na pesca e a súa prevención. – Traballo a bordo: condicións de navegación, estabilidade e características das instalacións. – Instalacións sanitarias e primeiros auxilios. – Instalacións eléctricas e mecánicas. – Riscos da navegación e riscos da pesca. – Avaliación de riscos. – Planificación da actividade preventiva. Módulo IV: elementos básicos de xestión da prevención de riscos. – Organismos relacionados coa seguridade e a saúde dos/as traballadores/as. – Documentación: recollida, elaboración e arquivo. Módulo V: primeiros auxilios.	

Duración

MÓDULO	30 HORAS	50 HORAS
I	7	10
II	12	25
III	5	5
IV	4	5
V	2	5

Difusión da actividade

O plan de difusión da actividade contou coas seguintes accións:

- Deseño de material de divulgación: cartel e carta de comunicación.
- Elaboración de nota de comunicación aos medios.
- Envío do material de divulgación e chamada telefónica ás seguintes entidades:



Entidades solicitantes de formación

ENTIDADE	LOCALIDADE	PROVINCIA
Confraría de pescadores "San Martín"	O Grove	Pontevedra
Centro de formación A Aixola	Marín	Pontevedra
Asociación dos profesionais do mergullo galego (PROMEGA)	Vilanova de Arousa	Pontevedra
Confraría de pescadores "San Antonio"	Cambados	Pontevedra
Instituto galego de formación en acuicultura (IGAFA)	Illa de Arousa	Pontevedra
Asociación profesional de mariscadores "Pedro de Oliveira"	Vilaboa	Pontevedra
Asociación de mariscadoras Río de Anllóns	Cabana de Bergantiños	A Coruña
Confraría de pescadores de Rianxo	Rianxo	A Coruña



3

3.3. Cursos organizados pola Confraría de Pescadores de Marín Santa María do Porto

CURSO	Nº cursos	Nº horas	Alumnos/as	Homes	Mulleres
3.3.1 Mariñeiro/a Pescador/a	4	200	88	79	9
3.3.2. Formación básica	3	105	58	55	3
3.3.3. Patrón/patroa Costeiro Polivalente (sección ponte e común)	1	450	19	19	-
3.3.4. Patrón/patroa Local de Pesca (sección máquinas)	1	350	17	15	2
3.3.5. Patrón/patroa Local de Pesca (sección máquinas)	1	120	25	25	-
TOTAL	10	1.225	207	193	14

3.3.1. Mariñeiro/a pescador/a

Contidos do programa segundo a orde do 26 de setembro de 2008 . Diario Oficial de Galicia 13/10/2008



◀
Curso de mariñeiro/a pescador/a

Contidos:

Módulo 1:

- Concepto, coñecemento e denominación dos diferentes elementos e equipos do buque.
- Definición de buque, dimensións principais e lixeira descrición da súa estrutura.
- Cubertas e adegas. Obra viva e obra morta. Calados. Elementos fixos e móbiles.
- Cabos: Enxarcia fixa e de labor. Áncoras, rezóns, cadeas e cables.
- Operacións con cabos e arames: nós, gazas, axustes e costuras.
- Goberno do buque, servizos de vixía e garda. Utilización de compases magnéticos e xirocompás. Ordes ao temoneiro. Deberes de vixía.
- Operacións de carga e descarga. Movementos de pesos a bordo. Embarque, desembarque e estiba de peixe, utensilios e provisións.
- Manobra de buques en porto. Manexo de chigres e maquinillas. Dar e largar amarras. Abozar cabos e estachas. Encapelar e desencapelar cabos e estachas en norais e bitas.
- Manobras básicas de atracada, desatracada, fondadura e remolque.
- Expresións comúns durante as manobras.
- Operacións de mantemento a bordo. Mantemento do buque: rascadura e pintado de superestruturas e equipamentos de cuberta.
- Mantemento de motores e baterías.



Módulo 2:

- Regulamento internacional para previr as abordaxes no mar.
- Nocións fundamentais sobre as regras de rumbo e goberno máis importantes.
- Conducta dos buques que se atopan a vista un do outro.
- Nocións sobre luces e marcas máis importantes.
- Sinais acústicos e luminosos máis importantes.
- Nocións básicas sobre o sistema de balizamento marítimo.

Módulo 3:

- A práctica dunha pesca responsable. Seguranza e saúde nas faenas de pesca.
- Clases de buques pesqueiros. Identificación das artes e aparellos de pesca empregados na pesca artesanal.
- Nocións sobre montaxe, reparación e manipulación de artes e aparellos.
- Manexo de equipos de pesca a bordo.
- Protección do medio mariño e dos seus recursos. Nocións sobre lexislación pesqueira.

Módulo 4:

- Manipulación e conservación dos produtos pesqueiros.
- Introducción á conservación dos produtos pesqueiros. Descomposición e deterioro dos produtos pesqueiros. Factores que afectan á calidade dos produtos pesqueiros. Hixiene na manipulación de produtos da pesca.
- Limpeza e desinfección.
- Manipulación e conservación a bordo dos produtos pesqueiros. O xeo na conservación dos produtos da pesca.
- Nocións de boas prácticas na pesca artesanal.

3.3.2. Formación básica

Referencias: Regra VI/1 do convenio STCW. Sección A-VI/1.2 e B VI/1 do Código de Formación.

Obxectivo do curso

Formar e adestrar aos alumnos e alumnas nas instrucións a seguir en casos de emerxencia a bordo, así como no uso correcto dos dispositivos de supervivencia e actitudes a tomar nestes casos.



Prácticas no uso correcto de dispositivos individuais de seguridade

Duración mínima da parte teórica: 35 horas.

Temporalización do programa

Módulo 1.- Supervivencia no mar en caso de abandono do barco. 10 horas

Módulo 2.- Prevención e loita contra incendios. 15 horas

Módulo 3.- Seguridade no traballo e responsabilidades sociais. 10 horas



Contidos

Módulo 1:

- Supervivencia no mar en caso de abandono do barco.
- Dispositivos salvavidas dos barcos e equipo das embarcacións de supervivencia. Situación dos dispositivos persoais de salvamento.
- Principios relacionados coa supervivencia.
- Equipo de protección persoal.
- Necesidade de estar preparado para calquera emerxencia.
- Medidas a adoptar en caso de abandono do barco.
- Actuación na auga.
- Medidas a bordo das embarcacións de supervivencia.
- Principais perigos para os superviventes.

Módulo 2:

- Prevención e loita contra incendios.
- Organización da loita contra incendios.
- Localización dos dispositivos da loita contra incendios e as vías de evacuación en caso de emerxencia.
- Elementos do lume e da explosión (o triángulo do lume).
- Tipos e fontes de ignición. Materiais inflamables e riscos de que se produza e propague un incendio.
- Medidas que deben adoptarse a bordo dos barcos.
- Necesidade dunha vixilancia constante. Detección do lume e do fume.
- Sistemas automáticos de alarma. Clasificación dos incendios e dos axentes extintores que poden utilizarse.
- Equipo de loita contra incendios e a súa situación a bordo.
- Instrución en: utilización do equipo, instalacións fixas e protección persoal.
- Instrución en: métodos, axentes e procedementos de loita contra incendios.
- Equipo de respiración para a loita contra incendios e operacións de rescate.

Módulo 4:

- Seguridade no traballo e responsabilidades sociais.
- Diferentes tipos de perigos e emerxencias que poden producirse a bordo.
- Plans de continxencias a bordo. Sinais de emerxencia e de alarma.
- Cadro de obrigacións e consignas en situacións de emerxencia.
- Sinalización de seguridade utilizada para os equipos e medios de supervivencia.
- Medidas a adoptar en caso de emerxencia. Importancia da formación e dos exercicios periódicos. Vías de evacuación. Sistemas internos de alarma e comunicacións.
- Efectos da contaminación accidental ou operacional do medio mariño.
- Procedementos básicos de protección ambiental.
- Coñecementos sobre prevención da contaminación do medio mariño.
- Plan nacional de salvamento.
- Procedemento de socorro, prácticas de seguridade no traballo.
- Traballos en quente. Dispositivos de protección e seguridade persoal para protexerse contra os distintos perigos do barco.
- Precaucións que deben adoptarse antes de entrar en espazos pechados.
- Prevención de riscos laborais: límites de ruidos, condicións de iluminación, temperatura, vías de circulación, principios ordes relacionadas coas tarefas a bordo. Perigo do uso de drogas e do abuso do alcol.



3.3.3. Patrón/patroa costeiro polivalente

Obxectivo do curso

Adquirir os coñecementos teórico-prácticos necesarios para ostentar o mando dun buque de ata 25 metros de eslora entre perpendiculares e 350 kilowatios de potencia efectiva.



◀ Patrón/patroa costeiro polivalente
sección ponte e común

Duración: 800 horas.

Programa temporalizado: Contidos mínimos segundo Orde de 8 de setembro de 1998 pola que se regula o procedemento para a obtención desta titulación.

Contidos:

3.3.3.1. Sección ponte: 350 horas.

Módulo 1. Lexislación marítimo-pesqueira.

- U.D.1. Espazos marítimos. Zonas marítimo-terrestres.
- U.D.2. Autoridades de mariña e división territorial.
- U.D.3. Lexislación pesqueira, comunitaria, nacional e autonómica.
- U.D.4. Trámites de documentos relativos as embarcacións.
- U.D.5. Despacho de buques.

Módulo 2. Pesca Marítima.

- U.D.6. Pesca responsable.
- U.D.7. Bioloxía pesqueira e medio mariño.
- U.D.8. Tecnoloxía pesqueira.
- U.D.9. Manipulación da pesca.
- U.D.10. Conservación da pesca.

Módulo 3. Navegación.

- U.D.11. Esfera terrestre.
- U.D.12. Cartas náuticas.
- U.D.13. Magnetismos e agullas náuticas.
- U.D.14. Navegación costeira.
- U.D.15. Instrumentos usados na navegación costeira.
- U.D.16. Mareas.
- U.D.17. Axudas para a navegación.



◀ Prácticas a bordo Curso patrón/ patroa costeiro polivalente

Módulo 4. Manobra, Regamentos e Sinais.

- U.D.18. Estabilidade aplicada a buques pesqueiros.
- U.D.19. Conservación do buque.
- U.D.20. Manobras.
- U.D.21. Regulamento internacional para previr as abordaxes no mar.

Módulo 5. Meteoroloxía e Oceanografía.

- U.D.22. Variables meteorolóxicas.
- U.D.23. Fenómenos meteorolóxicos.
- U.D.24. Oceanografía.

Módulo 6. Comunicacións.

- U.D.25. Procedementos radiotelefónicos.
- U.D.26. Buscas e salvamento (MERSAR).
- U.D.27. Inglés marítimo básico.

3.3.3.2. Sección común: 100 horas.

Módulo 7. Construción naval e teoría do buque.

- U.D.28. Construción naval.
- U.D.29. Teoría do buque.

Módulo 8. Seguridade e Supervivencia.

- U.D.30. Situacións de emerxencia.
- U.D.31. Dispositivos de seguridade.
- U.D.32. Normas para a supervivencia.

Módulo 9. Hixiene e Primeiros Auxilios.

- U.D.33. Reanimación.
- U.D.34. Curas de urxencia.
- U.D.35. Salvamento de náufragos.

Módulo 10. Lexislación Laboral.

- U.D.36. Nocións de lexislación laboral no ámbito marítimo-pesqueiro.

Módulo 11. Prevención do Medio Mariño.

- U.D.37. Prevención e efectos da contaminación.

Módulo 12. Inglés Técnico Marítimo.

- U.D.38. Vocabulario IMO.

3.3.3.3. Sección máquinas: 350 horas.

Módulo 12. Motores de Combustión Interna.

- U.D.1. Principio de funcionamento e clasificación xeral de motores de combustión interna.
- U.D.2. Elementos construtivos dos MCI.
- U.D.3. Terminoloxía empregada nos MCI.
- U.D.4. Combustión. Combustibles.
- U.D.5. Ciclos de funcionamento do motor diésel.
- U.D.6. Sistema de alimentación de aire e escape nos motores diésel.
- U.D.7. Sistemas de alimentación e inxección do combustible nos motores diésel.
- U.D.8. Lubricación: clases.
- U.D.9. Refrixeración.
- U.D.10. Arranque e inversión da marcha.
- U.D.11. Instalación dos motores propulsores a bordo.
- U.D.12. Condución e mantemento dos motores diésel.

Módulo 13. Electricidade Básica.

- U.D.13. Principios, circuitos e magnitudes.
- U.D.14. Baterías e xeradores. Coidados e mantemento.
- U.D.15. Cadros eléctricos.

Módulo 14. Servizos do buque.

- U.D.16. Hidráulica básica.
- U.D.17. Sistemas de goberno.
- U.D.18. Sistemas de achique, baldeo e contra lumes.

Módulo 15. Prácticas de Taller.

- 1. Recoñecemento e uso de ferramentas.
- 2. Desmontaxe e montaxe dun motor diésel.
- 3. Preparación do motor para o arranque e para realizar unha travesía.
- 4. Cambio de aceite e filtros do motor.
- 5. Regraxa de válvulas e comprobación da posta a punto.
- 6. Verificación sobre o motor do correcto funcionamento dun inxector. Verificación e timbrado sobre bombas de probas.
- 7. Esmerilado de válvulas.
- 8. Cambio de retén dunha bomba centrífuga.
- 9. Cambio de escobillas dun xerador ou motor eléctrico.
- 10. Montaxe sobre un panel, dun circuíto eléctrico elemental.
- 11. Acoplamento e verificación do estado de carga das baterías.
- 12. Manexo da máquina de soldadura eléctrica.
- 13. Montaxe e desmontaxe dos elementos dun circuíto hidráulico.



Prácticas de Taller

Curso patrón/patroa costeiro polivalente sección máquinas

3.3.4. Patrón/patroa local de pesca ²

Obxectivo do curso

Adquirir os coñecementos teórico-prácticos necesarios para ostentar o mando de buques de pesca de ata 12 metros de eslora entre perpendiculares, e o despacho de máquinas de ata 250 Kilovatios de potencia efectiva.

Duración: 250 horas.

Temporalización do curso

Sección ponte: 100 horas.

- Módulo 1: Lexislación pesqueira.
- Módulo 2: Pesca marítima.
- Módulo 3: Navegación.
- Módulo 4: Manobra, regulamentos e sinais.
- Módulo 5: Meteoroloxía e oceanografía da zona.
- Módulo 6: Comunicaciós.
- Módulo 7: Prácticas de cabos e faenas en cuberta.

Sección común: 30 horas

- Módulo 8: Teoría do buque.
- Módulo 9: Seguridade e supervivencia a bordo.
- Módulo 10: Primeiros auxilios.
- Módulo 11: Contaminación e conservación dos recursos.

Sección máquinas: 120 horas

- Módulo 12: Motores de combustión interna.
- Módulo 13: Electricidade básica.
- Módulo 14: Servizos auxiliares.
- Módulo 15: Prácticas de taller.

² O curso de P.L.P. celebrouse en Cambados pero as prácticas e o exame fixéronse en Aixela que dispón de taller homologado.

4

4. Cursos solicitados por outras entidades

Outra liña de actuación do [Centro de Formación A Aixola](#) é a de organizar cursos a petición de empresas ou facer cesión das súas instalacións para impartir formación. Durante o ano 2010 realizáronse as seguintes accións:



4.1. Curso sobre manexo do calibrador DELTA

Organizado polo Servizo de Gardacostas de Galicia para o seu persoal, realizouse nas dependencias de Aixola un curso da aprendizaxe do uso do calibrador DELTA para a medición da mallaxe dos aparellos.

NOME	ENTIDADE ORGANIZADORA	ENTIDADE IMPARTIDORA	Nº ALUMNOS/AS	Nº HORAS
Manexo do calibrador DELTA	Servizo Gardacostas de Galicia	Tridente	15	5



5

Resumo da actividade no ano 2010






As accións formativas durante o ano 2010 resúmense no seguinte cadro:

	Nº CURSOS	Nº HORAS LECTIVAS	ALUMNOS/ AS
Cursos subvencionados pola Consellería do Mar	14	4.090	233
Cursos de prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro	10	320	150
Cursos Confraría de Pescadores "Sta. María do Porto"	10	1.225	207
Cursos a empresas/outros	1	5	15
TOTAL	35	5.640	605

No ano 2010 os cursos financiados pola Consellería do Mar foron os que tiveron un maior peso na programación do Centro, tanto no número de cursos, como no número de horas e alumnos/as.


REPARTO PORCENTUAL DO Nº DE CURSOS IMPARTIDOS EN A AIXOLA NO ANO 2010





Os cursos ofertados pola confraría de pescadores foron os segundos en importancia dentro da programación de cursos de A Aixola, representando o 28,57% do número de cursos realizados no 2010, máis do 20% das horas de formación e o 34,21% do alumnado.


REPARTO PORCENTUAL DO Nº DE HORAS DE FORMACIÓN IMPARTIDAS EN A AIXOLA NO ANO 2010



Fonte: elaboración propia

Os cursos de prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro supuxeron o 28,57% dos cursos realizados neste período, acaparando máis do 5% da oferta formativa do Centro e case o 25% do alumnado.

REPARTO PORCENTUAL DO Nº DE ALUMNOS QUE SE FORMARON EN A AIXOLA NO ANO 2010



Fonte: elaboración propia

No 2010 tamén se desenvolveu un curso por parte do Servizo de Gardacostas de Galicia, que supuxo o 0,09% do alumnado e o 2,48% do alumnado.



Balance das actividades formativas realizadas en A Aixola durante o período 2006-2010			
ANO	Nº CURSOS	Nº ALUMNOS/AS	Nº HORAS LECTIVAS
2006	37	565	5.019
2007	41	605	5.688
2008	49	768	5.360
2009	56	776	6.380
2010	35	605	5.640
TOTAL 2006-2010	217	3.304	28.082

Fonte: elaboración propia.

Vemos que a oferta formativa de A Aixola mantense nun rango similar en todo o período. O incremento no número de cursos ofertados, así como no de alumnos/as entre os anos 2008 e 2009, débese principalmente á importante oferta de cursos de Prevención de Riscos Laborais de duración moito máis curta que o resto. Por ese mesmo motivo o número de horas lectivas impartidas no 2010 aumenta respecto ás impartidas ao inicio do período manténdose sempre por enriba das cinco mil.

6

Visitas e eventos



Durante o ano 2010 foron numerosas as visitas recibidas no Centro de Formación A Aixola, ás que hai que sumar as realizadas polo noso alumnado a empresas relacionados cos cursos que recibían.

DATA	VISITA RECIBIDA	VISITA REALIZADA
20/01/2010	CEIP Xulio Camba. Vilanova de Arousa	
26/01/2010	IES Mestre Landín. Marín	
09/02/2010	Colexio Sagrado Corazón. Placeres	
11/03/2010		Barco de pesca de altura
16/03/2010	Persoal Área de Cooperación Internacional do CETMAR	
27/03/2010		INCAPLAS. Silleda
03/05/2010	IES Fontenla. Poio	
02/06/2010		EXTRUGASA. Valga
07/06/2010	Persoal técnico do Proxecto DORNA	
06/07/2010	Persoal técnico do proxecto VACCA	
06/07/2010	Persoal técnico da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)	
19/07/2010	Persoal técnico proxecto cooperación con Cabo Verde	
23/08/2010	Alumnado Universidade de Passau. Alemania	
07/10/2010	Reunión/visita dos técnicos/as do proxecto WOOBTA	
26/10/2010		Xornada Cooperativismo
04/11/2010		VELERÍA NORTH SAILS. Cuntis
18/11/2010		NAUTEKA. Bueu
30/11/2010		ESTALEIRO TRIÑANES. Boiro

- 20/01/2010. Visita ás instalacións de Aixola de alumnos/as do CEIP Xulio Camba de Vilanova de Arousa.



- 26/01/2010. Visita ás instalacións de Aixola de alumnos/as do IES Mestre Landín de Marín.



- 09/02/2010. Visita ás instalacións de Aixola de alumnos/as do Colexio Sagrado Corazón de Placeres.



- 11/03/2010. Visita do alumnado do curso de instalación eléctrica dun barco a un barco de pesca de altura, en Marín, onde puideron contemplar por dentro a distribución dun buque destas características.



- 16/03/2010. Visita ás instalacións da Aixola por parte persoal técnico da Área de Cooperación Internacional do CETMAR.



- 27/03/2010. Visita do alumnado do curso de manipulador/a de polietileno e polipropileno para buques de pesca ás instalacións de INCAPLAS, en Silleda, onde puideron contemplar o funcionamento desta empresa que traballa dentro do sector dos plásticos técnicos.



- 03/05/2010. Visita ás instalacións de Aixola de alumnos/as do IES Fontenla de Poio.



- 02/06/2010. Visita do alumnado dos cursos de modelista laminador/a, novas técnicas de traballo en madeira e reparacións polivalentes ás instalacións de EXTRUGASA, en Valga, onde puideron contemplar o funcionamento desta empresa que traballa dentro do sector do metal.



- 07/06/2010. Visita ás instalacións de A Aixola por parte de persoal técnico do proxecto DORNA, da Deputación da Coruña.



- 06/07/2010. Reunión e visita ás instalacións de A Aixola por parte de persoal técnico do proxecto VACCA, do CETMAR.



- 06/07/2010. Visita ás instalacións de A Aixola por parte de persoal técnico de COGAMI.



- 19/07/2010. Visita ás instalacións de A Aixola por parte do persoal técnico do proxecto de cooperación con Cabo Verde, do CETMAR.



- 23/08/2010. Visita ás instalacións de A Aixola por parte do alumnado da Universidade de Passau, Alemania.



- 07/10/2010. Reunión e visita das instalacións de A Aixola por parte dos técnicos do proxecto Woobta.



- 26/10/2010. Asistencia por parte do alumnado dos cursos de reparacións polivalentes, infusión en moldes e carpintería, así como os de modelista laminador/a á Xornada de Cooperativismo organizada polo Concello de Marín.



- 04/11/2010. Visita por parte do alumnado do curso de velería ás instalacións de velería North Sails, Cuntis, onde puideron ver como traballa esta empresa do sector náutico.



- 18/11/2010. Visita por parte do alumnado dos cursos de carpintería náutica e poliéster e infusión en moldes e carpintería ás instalacións de Nauteka, Bueu, onde puideron ver como traballa esta empresa dedicada á elaboración de cubertas de madeira para embarcacións de recreo.




- 30/11/2010. Visita por parte do alumnado dos cursos de carpintería náutica e poliéster, RTM e infusión en moldes e carpintería ás instalacións do estaleiro Triñanes, Boiro, onde puideron ver como traballa esta empresa dedicada á carpintería de ribeira.



7

Reflexi3ns



O aumento da concienciación respecto da sostenibilidade medioambiental estase concretando en novos plantexamentos por parte das empresas que comezan a contemplar nos seus produtos un "plus" ecolóxico que os faga máis competitivos.

Dende A Aixola consideramos que o proceso de formación é o marco ideal para ir incrementando o nivel de conciencia en temas como: optimización enerxética, utilización de materiais sostibles, uso de produtos de baixo impacto medioambiental, reutilización, reciclaxe e xestión dos residuos.

Velaquí unhas breves reflexión sobre estes importantísimos temas.

Os expertos docentes de Aixola:



Xosé Lois Pazos Campos

Profesor de:

- Modelador/a laminador/a de poliéster.
- Moldeado por transferencia de resina (RTM).
- Infusión en moldes e carpintería (sección poliéster).
- Carpintería náutica e poliéster (sección poliéster).

"Como "reutilizamos" a nosa vida hora tras hora, día tras día, así temos que reutilizar os sobrantes dos nosos consumibles, para deixar sitio limpo e verde ós nosos vástagos".



Santiago Cancelas Costa

Profesor de:

- Novas técnicas de traballo en madeira.
- Carpintería de ribeira.
- Infusión en moldes e carpintería (sección madeira).
- Carpintería náutica e poliéster (sección madeira).

"A utilización da madeira como material de construción naval é unha decidida aposta de futuro por ser un material de calidade, medioambientalmente sostible e reciclable".



Fidel Fernández Barroso

Profesor de:

- Reparacións de embarcacións pneumáticas.
- Velería.

"A Aixola como centro de formación debe proporcionar aos seus alumnos ideas e prácticas para favorecer a sustentabilidade do medio ambiente e debe ser un modelo a seguir en prácticas diarias como a reciclaxe de materiais, de refugallo ou non. Así como se debe concienciar ao alumnado nun uso responsable dos distintos tipos de enerxía e consumo cotiá nas súas casas".



José Balbino Durán Collazo

Profesor de:

- Instalación eléctrica dun barco.

"A realidade estamos pedindo que se comence xa, dun xeito inmediato, a formar e concienciar sobre estes temas, vitais para a supervivencia".



Pablo Martínez Estévez

Profesor de:

- Manipulador/a de polieliteno e polipropileno en barcos de pesca e acuicultura.

"Los plásticos son un derivado del petróleo pero sólo se utiliza el 4 % de la producción mundial para la fabricación de los mismos, un 1,5 % al Polietileno (PE) y un 0,5 % se dedica al Polipropileno (PP), la energía necesaria para producirlos es un 30% inferior a la del papel y el cristal, y con respecto al acero, un 75 %. Además el PE y el PP son reciclables: mecánicamente (2º vida, 3º...), químicamente (derivados para la industria química), energéticamente (tienen mayor valor calorífico que el carbón, el papel y la madera). Se ha de tener en cuenta que, en cualquier caso, es un material inerte".



Fundación Ronsel

Imparten:

- Módulo de orientación para a creación de empresas (MOCE).

"Los centros de formación para el empleo incorporan la sostenibilidad como actuación estratégica. Como espacios educativos sirven de referencia en buenas prácticas de desarrollo sostenible en su triple vertiente: económica, social y ambiental. El emprendimiento social no es una moda, ha venido para quedarse".

O Equipo de coordinación e xestión do Centro:



Lino Lema Bouzas

Xefe de Servizo de estudos Pesqueiros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

- Director técnico para o control e coordinación das accións formativas por parte da Consellería do Mar.

"Seremos quen de facer que a única pegada das embarcacións no planeta sexa o ronsel de navegar? Velaí un desafío para os próximos tempos".



Lucía Fraga Lago

Coordinadora da área de formación do CETMAR.

- Directora técnica para o control e coordinación das accións formativas por parte do CETMAR.

"A nosa sociedade precisa orientarse cara á sustentabilidade. Dende A Aixola queremos contribuir a reducir o impacto da nosa actividade no medio ambiente, concienciar ao noso entorno da importancia da preservación dos recursos. Aínda temos moito camiño por diante, pero temos claro o horizonte".



Guadalupe Martín Pardo

Técnica da área de formación do CETMAR.

- Coordinadora de A Aixola nos últimos doce anos, actualmente supervisa as accións do Centro por parte do CETMAR.

"Na liña da sensibilización e a sostenibilidade medioambiental a formación na aula xoga un papel fundamental, pero non debemos cargar todo o peso única e exclusivamente na formación teórica. As boas prácticas son igual de importantes e é aí onde A Aixola pode vincular a teoría á práctica e crear o medio propicio para esa sostenibilidade medioambiental.

Querer é poder e A Aixola pode e debe apostar pola sensibilización e a sostenibilidade medioambiental como unha parte indivisible da súa oferta formativa".



Henrique Otero Barberena

Coordinador de formación en A Aixola.

"Para acadar un cambio de mentalidade non abonda con entender as cousas, é necesario crear hábitos. Durante os periodos formativos danse as circunstancias idóneas para actuar a este nivel, xuntando as explicacións coas boas prácticas. Este proceso comenza na xestión de materiais, produtos e instalacións e continúa nos obradoiros".



Guillermina Martínez Rodríguez

Auxiliar de coordinación de A Aixola.


"Tomando a formación como a base fundamental de coñecementos específicos dentro do campo laboral, é fundamental a presenza da cultura medioambiental e de reciclaxe para a concienciación dos futuros traballadores ou empresáries. Por tal motivo, Aixola dentro das súas posibilidades, quere aportar o seu gran de área tendo en conta estes temas, tanto na práctica como na teoría, dentro da súa programación".



Xulio Troitino Dapena

Axente de emprego de A Aixola.

"O camiño cara unha economía sustentable debe ter en conta os custos ambientais e os prexuízos que xeran determinadas actividades industriais. Xa que logo, as administracións deberían impulsar accións de concienciación, tanto do empresariado coma dos traballadores, que teñan en conta que as tres "R" (redución, reutilización e reciclaxe) que propugnan os manuais de boas prácticas medioambientais. Son o camiño cara unha produción de calidade e socialmente responsable, tal e como están a demandar hoxe en día os mercados".



www.cetmar.org/aixola

04/01/2010

• CETMAR: <http://www.cetmar.org>

O Centro de Formación A Aixola oferta cen prazas en sete cursos no primeiro semestre de 2010.

O Centro de Formación A Aixola, que xestiona o Centro Tecnológico del Mar-Fundación CETMAR por encargo da Consellería do Mar, impartirá no primeiro semestre de 2010 un total de sete novos cursos para os que se ofertarán cerca de cen prazas. A selección do alumnado terá lugar na sede do centro en Marín no mes de xaneiro, cando darán comezo tamén as clases nalgunhas das especialidades previstas.

O novo programa formativo contempla cerca de 2.200 horas lectivas repartidas en sete cursos, como é o caso dos de "Modelista laminador de poliéster I", "Novas técnicas de traballos en madeira", "Instalación eléctrica dun barco" ou "Manipulación de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura". Tamén están previstos cursos de "Reparación de embarcacións pneumáticas" e "Construción e reparación de redes e aparellos II", así como un módulo ocupacional de "Creación de empresas II".

As clases desenvolveranse de mañá ou de tarde e terán unha duración de entre 600 e 200 horas lectivas dependendo da especialidade. Os cursos están pensados para un máximo de 15 alumnos e un mínimo de 12. Os requisitos para participar nestas actividades son ser maior de 16 anos e menor de 65 e, en caso de nacionalidade estranxeira, dispor de permiso de residencia. Ademais, os menores de idade precisarán autorización dos pais ou titor.

De acordo ao calendario inicial deseñado polos responsables de "A Aixola", o novo programa formativo porase en marcha a mediados de xaneiro, cando teñen previsto o seu inicio os cursos de laminador de poliéster (600 horas), novas técnicas de traballos en madeira (600 horas), instalación eléctrica dun barco (250) e manipulador de polietileno (200 horas). As clases de reparación de embarcacións pneumáticas (300 horas) e de construción e reparación de redes (200 horas) non comezarán ata abril, pechando o semestre o módulo de creación de empresas (20 horas) no mes de maio.

19/01/2010

· Cultura marítima: <http://www.culturamaritima.org>

Vaise restaurar a Marina

Enviado por O mestre o Mar, 19/01/2010 – 00:37



O Faro de Vigo publica a noticia de que no Museo Massó van intentar restaurar para exposición a Marina, a única lancha xeiteira orixinal que aínda existe.

Hai 20 anos foi localizada en Caldebarcos pero o seu estado era tal que non foi posible recuperala para navegar. En A Aixola a partir da Marina fíxose unha replica, a Nova Marina, que finalmente foi cedida tempo despois pola Xunta á ACD Dorna que se encarga de dinamizala e hoxe pódese dicir que é o seu barco insignia, polo menos ata que se remate o Rei do Mar.

Logo da construción da Nova Marina a Xunta depositou os restos da Marina no Museo Massó.

Dado o carácter de peza única deste barco é unha excelente noticia que se vaia restaurar, sobre todo pensando que é o ultimo exemplar do tipo de barco máis numeroso da flota de pesca no pasado. Hoxe é difícil imaxinar os centos de xeiteiras que existían na costa galega e das que apenas quedan algunhas fotos e os rexistros nos arquivos.

A foto de arriba foi tomada durante a construción da súa réplica en A Aixola por Juan Álvarez a quen agradecemos que nola enviase.



09/03/2010

· Ártabra 21: <http://artabra21.blogspot.com/>

3, 4 e 5 de Setembro de 2010: "XVIII Xuntanza de Embarcacións Tradicionais", na dársena de Curuxeiras, do Porto de Ferrol. Post under Embarcacións Tradicionais às 9/03/2010 06:30:00 PM por Saúde e Liberdade I

As embarcacións tradicionais arriban a Ferrol

As embarcacións tradicionais comezaron xa esta mañá a arribar ao porto de Ferrol. Ao longo de todo o día, botes polbeiros, trincados, etcétera chegarán a Curuxeiras. O Club do Mar organiza esta XVIII Xuntanza que se inaugura oficialmente mañá sábado ás 11 da mañá.

O Club do Mar de Ferrol propón unha fin de semana de navegación e descuberta do patrimonio mariñeiro na XVIII Xuntanza de Embarcacións Tradicionais, que se celebra na dársena de Curuxeiras entre o venres e o domingo.

Esta edición contará con barcos chegados de distintos puntos da Península e destacará ademais polo grande esforzo de divulgación en terra, a través de exposicións, stands e exhibicións como a que farán as redeiras de Malpica na tarde do sábado. Ademais, a través do proxecto europeo Dorna (Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico) verase unha mostra de embarcacións galegas, na que se poderán apreciar unha vintena de tipoloxías distintas.

A Parrocheira 2010 comezará o venres coa recepción dos barcos. O groso das actividades está previsto para o sábado, coa inauguración oficial por parte das autoridades e unha saída ó mar dos participantes. Despois farase unha visita pola exposición e polos distintos stands ubicados en Curuxeiras. Terán o seu espazo no peirao o Proxecto Dorna (que inclúe entidades de Francia, Escocia e Portugal), a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, o centro de formación Aixola –especializado no sector marítimo-pesqueiro– e tamén a Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira.

Para os pequenos instalárase unha piscina de 6x6 metros con dornas que funcionan a través de control remoto. Alí os rapaces poderán facer as súas propias regatas sen mollar os pés.

A taberna mariñeira surtirá de comida e bebida ós participantes pero tamén a tódolos que se acheguen a Curuxeiras a contemplar as ducias de velas que surcarán a ría.

Fonte: RadioFusión

A, I Mostra de DORNA, tratase dunha exposición en seco onde poderase ollar preto dunha veintena de embarcacións de diferentes tipoloxías de Galicia, asemesmo os visitantes poderán ter información nas carpas do Proxecto DORNA, FGCMF, A Aixola, AGALCARI, e cecais nalgũa mais aínda por confirmar. Poderase tamer ollar as evolución das embarcacións tradicionais, radiocontroladas, na piscina instalada por A Aixola para tal fin. Así como mais eventos aínda por confirmar que nista semana tentaremos ire dando toda a información así coma vaianos chegando as confirmacións.

Enlaces relacionados: <http://www.culturamaritima.org/>

24/03/2010

• CETMAR: <http://www.cetmar.org>

Alumnos do Centro de Formación A Aixola reparan un conxunto de velas para a Federación Galega de Vela

A directora do Centro Tecnológico del Mar-Fundación CETMAR, Paloma Rueda Crespo, fixo entrega onte ao xerente da Federación Galega de Vela, Castor Maciel Andrés, dun conxunto de velas reparadas no Centro de Formación A Aixola polos alumnos e alumnas do curso de Velería.

A Federación Galega de Vela solicitou no seu momento a colaboración de A Aixola para a reparación de cinco velas maiores e dous foques en estado de deterioro. Dado que os traballos solicitados encadrábanse dentro da dinámica do curso de Velería impartido no centro marinense a finais do 2009, acordouse que todo o alumnado desa actividade formativa participase no arranxo das velas, coa colaboración do seu profesor.

